

Bragança.- 18.07.2019

A reimplantación do cultivo do lúpulo en Galicia: pasado-presente-futuro

Lúpulo Tecnoloxía de Galicia, Sociedade Cooperativa Galega (LUTEGA)



A cooperativa

Lúpulo Tecnoloxía de Galicia, Sociedade Cooperativa Galega (LU.TE.GA) xurde como unha **aposta por recuperar o cultivo do lúpulo en Galicia, que nos anos sesenta foi a maior productora de España.**

A sociedade foi **constituída en 2008** cun **capital inicial de 28.000 €**, e ampliou capital ata chegar aos **200.000€**.

Na actualidade conta con **7 socios**.



O lúpulo e a súa demanda

O lúpulo é unha planta trepadeira, orixinaria de Xapón, utilizada basicamente na fabricación da cervexa **cuxas flores aportan amargor e aroma á cervexa proporcionándolle o seu característico sabor amargo ao cocer xunto co mosto.**



O lúpulo e a súa demanda

No conxunto da **agricultura europea** o **lúpulo** preséntase como un **nicho de mercado**:

- ✓ O seu **cultivo** ten **gran importancia** para determinados **estados membros**, especialmente Alemaña e a República Checa que demandan gran cantidade de lúpulo.
- ✓ A **demanda en España** é notable, onde déficit de lúpulo é grande e **só se produce cerca do 60% do demandando** polas empresas cervexeiras.

O lúpulo e a súa demanda

Por que é tan escaso o seu cultivo?

Para o cultivo do lúpulo, o **primeiro investimento é forte**, de cerca de **28.000 euros por hectárea**, porque é preciso poñer postes de madeira duns seis/sete metros de altura.




Orixe da idea do proxecto LUTEGA S.C.G. O lúpulo en Galicia

En España a **comarca de Betanzos** foi a **primeira produtora de lúpulo** durante os anos **1950-1970 (ZONA 1 – SAE Fomento)**

Os produtores do chamado *ouro verde* viviron daquela momentos espléndidos grazas a unha elevada demanda e alta rendibilidade alcanzándose un máximo en 1963 de 240.369 kg.



Fincas de lúpulo na provincia A CORUÑA en 1953



O lúpulo en Galicia

Declive

O despoboamento do campo nos 60' acabou coa man de obra e os produtores terminaron arrincando as plantas.

A partir de **1963** iníciase un **imparable descenso do cultivo deixándose de cultivar** en Galicia en **1982** como consecuencia do **peche do centro de recepción da SAE** de Fomento do Lúpulo en Betanzos.

Na actualidade practicamente todo o lúpulo cultivado en España procede da provincia de León (e 5 Ha máis en La Rioja).

A recuperación do Lúpulo en Galicia

En **novembro de 2004 Hijos de Rivera S.A.** (Estrella Galicia) firmou un **acordo** co Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (**CIAM**).

A **empresa** quería **fabricar cervexa** con lúpulo **producido en Galicia** con motivo do seu **centenario** e desexaba rememorar os tempos en que a maior parte do lúpulo empregado era producido en Galicia.

O **CIAM rescata entón o cultivo do lúpulo en Galicia** nunha parcela de 1.300 m² con 300 plantas de lúpulo da variedade Nugget, e **os seus estudos arrojan datos espectaculares** que avalan a **enorme calidade** do mesmo: altísima calidade en grados alfa ácidos.

A recuperación do Lúpulo en Galicia

Debido ao **éxito da experiencia**, ao ano seguinte decidiron repetir e **poñer en marcha un proxecto de investigación**, financiado pola **Consellería de Medio Rural**, a partir do que **probaron novas técnicas de produción** relacionadas coa mecanización do proceso e a busca das **variedades máis rendibles**.

En 2006, co centenario de Hijos de Rivera, a cervexeira lanzou ao mercado unha primeira edición da súa **Estrella de Navidad**, fabricada con lúpulo dunha colleita integramente galega.



O proxecto LUTEGA

O proxecto impulsado por Lu.Te.Ga pretende a reimplantación do cultivo do lúpulo en Galicia, a súa transformación e a posterior comercialización entre os grandes clientes: principais fabricantes de cervexa e outros sectores interesados.

Entre outros obxectivos o proxecto busca promover o desenvolvemento dos concellos de As Mariñas a través do lúpulo como cultivo sostible e integrado no territorio, diversificando así as actividades agrarias xeradoras de renda.

O proxecto LUTEGA

- Para a **posta en marcha do proxecto** a sociedade alugou **parcelas a propietarios particulares**: unha peza de **1,8 Ha** e outra de **2,2 Ha**. Na actualidade das 4 Ha iniciais, xa acadamos 7 Ha
- En **2009 levaron a cabo a súa primeira plantación**, e os froitos deste primeiro traballo foron recollidos nas seguintes cocheitas acadando gran calidade.
- **A cooperativa xa ten previsto plantar novas fincas**, pero o **obxectivo final é poder constituir un GRUPO DE CULTIVADORES DE LÚPULO «AS MARIÑAS» e alcanzar as 20 Ha** de cultivo o que suporía unha produción anual de 40.000 Kg.
- **Este GRUPO DE CULTIVADORES traballaría na consecución dunha IXP ou unha DXP «Lúpulo As Mariñas».**

O proxecto LUTEGA

Obxectivos inmediatos

LUTEGA está a levar a cabo **innovacións** relativas ás **instalacións** e **outros aspectos** como:

- **Reducir o consumo de auga** e implantar un rego en condicións axeitadas (rego por goteo automatizado).
- Coñecer as **posibilidades de uso de enerxías alternativas** en sistemas de rego e noutras tarefas agrícolas.
- **Experimentación con distintos cultivos alternativos** tanto para as rúas da plantación como para os meses nos que non se cultiva lúpulo.
- Investigar **usos alternativos do lúpulo**, na liña da posible comercialización dos talos verdes como vexetales en conserva e a elaboración de aceites ou infusións, etc.

Obxectivos inmediatos

Desde Lu.Te. Ga apuntamos á investigación de novos mercados para sobrepasar fronteiras e xa atenderon a nosa admisión no IHGC, participando nas convencións de Nuremberg, Paris, Kiev, Poperinge-Belgica e outras máis



A proxección internacional de LUTEGA s.c.g.

IHGC – International Hop Grower`s Convention

1. AUSTRIA
2. [AUSTRALIA](#)
3. BELGIUM
4. [CZECH REPUBLIC](#)
5. [FR GERMANY](#)
6. FRANCE
7. [NEW ZEALAND](#)
8. [POLAND](#)
9. [PR CHINA](#)
10. ROMANIA
11. RUSSIA
12. SLOVAKIA
13. SLOVENIA
14. SPAIN
15. [UK - ENGLAND](#)
16. UKRAINE
17. [USA](#)
18. [SERBIA](#)
19. [SOUTH AFRICA](#)
20. [German Hop Ind. Association](#)
21. [Joh.Barth & Sohn](#)
22. [Xinjiang Sapporo Agric.Sci.&Tech.Devel.Co.](#)
23. [Powiśle](#)
24. [Hopsteiner](#)
25. CZ Union of Hop Merchants & Processors
26. [S.A.Espanola de Fomento del Lupulo](#)
27. [Charles Faram & Co Ltd](#)
28. [Inbarco](#)
29. [American Dwarf Hop Association](#)
30. [Hmezad Exim d.d.](#)
31. UKRKHMIEL - Ukrainian hops concern
32. Xinjiang Kinner Agriculture Co., Ltd_
33. Brewers Supply Group
34. [Lutega S. Cooperativa Galega](#)
35. [47 Hops](#)

AGRADECIMENTOS

LUTEGA Agradece a colaboración *ás*

Entidades e institucións que nos axudan neste proceso, concretamente ó CIAM Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, a Asociación de Desenvolvemento Rural GDR As Mariñas e BIC-Rede Galactea

LUTEGA agradece moi especialmente, todos os apoios recibidos polo Departamento de Innovación da **Corporación Hijos de Rivera S.L. e o grupo de empresas agrícolas da familia Etcheverria**





www.lutega.com

Correo postal: Apartado N° 3

15300 Betanzos

Teléfono 670 044 803

Oficina comercial 981 – 287207

Rúa Novoa Santos, 26, 1º A. CP 15006

Correo electrónico: info@lutega.es